

## **SEGURO DE ACCIDENTES**

A Xunta de Galicia, a través de AXA Seguros Generales S.A. de Seguros y Reaseguros, e coa mediación de AON Iberia Correduría de Seguros y Reaseguros S.A., ten contratada dende o 1 de xullo de 2023 unha póliza de accidentes para o persoal ó seu servizo, coas coberturas que máis abaixo se salientan.

O custo da mesma é soportado integramente pola Xunta de Galicia (Consellería de Facenda e Administración Pública) e, polo tanto, é de carácter gratuíto para o seu persoal. A continuación detállanse as súas características.

### **Risco Asegurado:**

Este seguro ten por obxecto a cobertura das enfermidades profesionais ou accidentes que poida sufrir o colectivo asegurado tanto durante o exercicio das súas ocupacións profesionais, como fóra do traballo, en calquera parte do mundo.

Enténdese por accidente, toda lesión corporal sobrevida ó asegurado, independentemente da súa vontade e por mor dunha causa fortuita, momentánea, externa e violenta, que poida producir directamente algunha das consecuencias seguintes:

- a. -Falecemento
- b. -Gran Invalidez, Incapacidade Permanente absoluta, total ou parcial.

Expresamente inclúe a cobertura de falecemento e incapacidade derivada de infarto de miocardio, infarto cerebral e calquera enfermidade vascular en todos os casos, aínda que non sexan declarados como accidente laboral polos organismos oficiais e xurisdiccionais competentes nas súas resolucións ou sentenzas.

### **Garantías e capitais:**

- Falecemento por accidente: 49.000.-€
- Gran Invalidez, Incapacidade Permanente Absoluta, Incapacidade Permanente Total por accidente: 49.000.-€
- Incapacidade Permanente Parcial: Baremada cun máximo 49.000.-€

Póliza no sitio web:

<https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/patrimonio/mais-informacion/manuais-en-materia-de-seguros>

## **ADHESIÓN VOLUNTARIA**

Independentemente do anterior, o persoal da administración autonómica pode unilateralmente ampliar coberturas desta póliza de **accidentes**, subscribir unha póliza de **vida** ou ambas.

### **1) Ampliación da póliza de Accidentes**

Para complementar as garantías anteriores, é posible unha ampliación dos capitais asegurados.

Se poderá incrementar o capital asegurado exposto anteriormente ata un máximo de 240.000 €.

Custo para cada persoa que o subscriba: 4,26 € ó ano por cada 6.000 € de capital adicional asegurado
--

### **2) Póliza de Vida**

Ademais, pódese contratar un seguro de vida en condicións vantaxosas.

Este seguro colectivo de adhesión voluntaria outorga cobertura ó risco de falecemento do asegurado, producido por calquera causa e en calquera lugar.

O Capital asegurado desta póliza ten un importe máximo de 300.000 € salvo autorización expresa de AXA.

As garantías que se cubrirían baixo esta póliza voluntaria (vida) serían:

- Seguro principal de falecemento (calquera causa), ata 300.000 €
- Incapacidade Absoluta ou Gran Invalidez, ata 300.000 €

**Tarifa de Primas do seguro de vida por cada 6.010,12 € de Capital**

- Ata 30 anos: 8,62 €
- De 31 a 35: 9,16 €
- De 36 a 40: 9,53 €
- De 41 a 45 :11,74 €
- De 46 a 50: 18,57 €
- De 51 a 55: 28,83 €
- De 56 a 60: 49,30 €
- De 61 a 65: 68,54 €
- De 66 a 70: 68,54 €

Nas Condicións Particulares desta póliza figura a tarifa completa de primas anuais en función da idade. A prima neta desta modalidade de seguro de vida establécese por períodos anuais. En cada renovación anual modifícase conforme a devandita tarifa de primas, tendo en conta a idade e os capitais asegurados.

Antes da entrada en vigor das coberturas dos asegurados, AXA, poderá esixir ós asegurados a documentación e probas médicas oportunas para realizar a valoración do risco, en función das normas de contratación e selección existentes no momento da solicitude de seguro.

**CONDICIONS XERAIS PARA A ADHESIÓN VOLUNTARIA Á PÓLIZA DE ACCIDENTES/VIDA:**

Esta modalidade de seguro contrátase por un ano de duración, entendéndose prorrogado por períodos anuais, non sendo que algunha das partes renuncie por escrito (con dous meses de antelación no caso da compañía e un mes de antelación no caso dos asegurados) ó seu inmediato vencemento. A cobertura da póliza ten ámbito mundial as 24 horas do día.

Os beneficiarios, en caso de falecemento, serán:

- O cónxuxe do asegurado non separado legalmente ou parexa de feito legalmente rexistrada, no seu defecto, os fillos do asegurado, no seu defecto, os pais do asegurado, no seu defecto irmáns, e no seu defecto, os heredeiros legais. (Esta designación é a que prevalece en caso de ausencia de designación expresa).

- Designación expresa de beneficiarios a completar en documento específico.

**\*Para maior información poderá dirixirse á correduría de seguros AON:**  
Correo-e: [adhesionvoluntaria.xunta@aon.es](mailto:adhesionvoluntaria.xunta@aon.es)  
Teléfono: [981216013](tel:981216013)

